



Ana Patricia Torres Madureira, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Popular na Deputación de Ourense, con base ao previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Base Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN RELATIVA A INSTAR O GOBERNO DE ESPAÑA A UN CAMBIO NO MODELO DE FINANZAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS NA LOITA CONTRA DESPOBOAMENTO E O ENVELLECIMENTO POBOACIONAL**, para o seu debate no pleno da corporación, tendo en conta a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Cada vez, somos máis conscientes de que ultimamente, o problema do despoboamento está tanto na axenda política como mediática deste país, fundamentalmente porque é un asunto de Estado. Para este país, non é un problema só de pequenos municipios, nin do rural ou de pedanías, en definitiva a España baleira é un problema de Estado, onde o 30% do territorio español concentra o 90% da poboación. Máis de 42 millóns de persoas viven en Madrid e no litoral español. O resto, 4,6 millóns, habita no 70% restante no interior da Península.

A crise económica devolveunos aos desafíos demográficos que arrastramos desde o século XX, fundamentalmente en dúas dimensións, a estrutural, relativa aos equilibrios demográficos e socioeconómicos do conxunto do país, cos efectos negativos que ten para a sustentabilidade do Estado do benestar a prestación de servizos no rural, e tamén a territorial, que afecta ás provincias do interior e está causada fundamentalmente pola emigración as cidades e zonas industriais a partir de mediados do século pasado. Estamos, por tanto, ante un dos principais retos que temos afrontar con contundencia, pero tamén con urxencia. Este é un problema que afecta o noso país, máis se cabe que a ningún outro país da nosa contorna.



Galicia é a terceira comunidade máis envellecida de España se se ten en conta a idade media da súa poboación, só por detrás de Asturias (primeira, con 49,07) e Castela e León (segunda, con 48,14). Pero os 48,01 anos de media dos galegos están distribuídos de maneira moi diversa e nas zonas máis rurais da comunidade hai casos especialmente graves: hai 18 concellos cunha idade media de máis de 60 anos, a maioría nas provincias de Lugo e Ourense, sendo os de Lobeira, San Xoán de Río e Parada de Sil (os tres na nosa provincia) os que presentan unha idade maior.

Cabe sinalar tamén, que este curso escolar comeza coa cifra máis baixa de alumnos de toda a historia, froito do evidente declive demográfico e a escasa natalidade, deixando colexios ao borde do límite dos seis alumnos que é o que a Xunta de Galicia establece como baremo para mantelos abertos.

Por estes motivos, unida tamén a dispersión da poboación en infinidade de núcleos, algúns deles con tan so un ou dous veciños, fai que a prestación de servicios nestes concellos sexa verdadeiramente complicada e elevadamente custosa con respecto a outros concellos mais poboados, pero inda así estes veciños teñen os mesmos dereitos, polo que hai que prestalos igualmente. De igual maneira nas zonas de emigración como a nosa, parte do ano, vólvense encher con xente que vive fora, tendo que asumir concellos e deputacións a prestación dos servicios que demandan .

Os custes xerais dos servizos básicos dos concellos con menos densidade de poboación vense incrementados substancialmente, entre eles o custo da enerxía eléctrica, que entre outros afecta o alumeadado público e o abastecemento vinculados a bombeos, o que fai que os gobernos locais e os equipos técnicos municipais teñan que facer auténticos “malabares” para poder garantir a prestación das competencias atribuídas a cada un deles, as que se lles suma as que se prestan non sendo propias.

Xa os representantes provinciais reunidos na V conferencia de Presidentes de Deputacións, Cabildos y Consellos Insulares coinciden, por encima de siglas e



cores, na reivindicación do papel capital dos gobernos intermedios nunha modernización das políticas públicas acorde ao século XXI. Moitos deles van máis aló e consideran “insuficiente” o financiamento que reciben do Estado para atender competencias, algunhas impropias, e xerar oportunidades no medio rural. Piden participar na elaboración de normativas que lles afectan tanto como a municipios máis poboados e unha discriminación positiva en materia fiscal, administrativa e de financiamento, que fomenta o arraigamento e permita aos pequenos consistorios fixar poboación e xerar riqueza, activando á súa vez aos provedores locais.

É preciso atender ás necesidades particulares desta provincia, para así poder proporcionar uns adecuados servizos públicos. Neste sentido maniféstase Calvo Ortega “as circunstancias, dimensións e estrutura de cada municipio determinan, como é sabido, un custo moi diverso e, por iso, unhas necesidades de financiamento para ofrecer un nivel dado, moi distintas. Numerosos servizos (de limpeza, de tratamento de residuos etc.) aumentan notablemente o seu custo medio polo feito de que o municipio teña un ou varios núcleos de poboación, pola estacionalidade desta e por outras circunstancias externas do servizo mesmo”.

A loita contra o despoboamento pasa por ofertar uns servizos públicos de calidade adaptados ás necesidades e particularidades dos veciños que habitan eses territorios.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes

ACORDOS:

- 1º.** Instar o Goberno de España un sistema de discriminación positiva en materia fiscal, administrativa e de financiamento, para que as Deputacións poidan implantar medidas de loita contra o envellecemento e o



despoboamento, mediante a creación e mellora dos servizos públicos prestados.

2º. Instar o Goberno de España unha estratexia clara de loita contra o envellecemento e o despoboamento, coa implicación directa das Deputacións e os Gobernos Locais.

3º. Instar o Goberno de España unha mellora nos criterios de reparto de fondos que posibilite o aumento dos ingresos que perciben as Deputacións e o resto das Entidades Locais para lograr unha auténtica suficiencia financeira permitindo que sexan estas Entidades como mellores coñecedores da situación no seu territorio os que decidan cómo se distribúen os fondos.

4º. Instar o Goberno de España a aumentar a porcentaxe da cesión da recadación dos impostos do Estado ás Deputacións sendo a despoboación e o envellecemento poboacional criterios correctores.

Ourense, 14 de setembro de 2023

Asdo. Ana Patricia Torres Madureira.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE